

**REGISTRO XERAL DA XUNTA DE GALICIA**  
REGISTRO DO EDIFICIO ADMINISTRATIVO DE OURENSE  
OURENSE

Data 27/11/2019 11:18:29

**ENTRADA 26738 / RX 2379548**



Zeltia Burgos Tortosa, Secretaria Nacional da CIG-Autonómica, co enderezo válido para os efectos de notificacións indicado na cabeceira deste escrito e no correo electrónico [autonomica@cigadmon.gal](mailto:autonomica@cigadmon.gal), en nome e representación desta organización sindical,

### EXPOÑO:

O mércores 27 de novembro de 2019 publícase no DOG a Resolución pola que se convoca concurso ordinario para a provisión de postos de traballo vacantes da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galiza.

Na valoración de méritos por traballo desenvolvido (base V.4.1) non hai ningunha referencia a como se valorará o tempo traballado en comisión de servizos.

Xa dende o primeiro borrador deste concurso de traslados había un cambio neste sentido e que rachaba o consenso ao que chegamos durante a negociación do baremo xenérico. Na proposta inicial dese baremo xenérico (xuño/2017) facía mención expresa a valorar o tempo en comisión de servizo. A CIG alegou contra eso, e finalmente na xuntanza do 31/10/2017 o director xeral de Función Pública comunicou que retiraban a valoración do tempo traballado en comisión de servizo, efectivizando a súa palabra no documento entregado o 8/11/2017 (*"o traballo desenvolvido na situación de comisión de servizos puntuarase como realizado no posto de orixe do funcionario"*).

Chegados ás mesas de negociación do concurso de corpos xerais, xa dende o primeiro borrador desapareceu toda referencia ao tempo en comisión de servizos, o que é un acto consciente da Administración que foi en contra do consenso acadado na negociación das bases xerais. Coa retirada desas referencias, entende a CIG que o tempo traballado en comisión de servizo valorarase no posto en comisión, non o de orixe.

Este asunto foi o principal cabalo de batalla durante a negociación, e finalmente na Comisión de Persoal do 2/8/2019, o director xeral de Función Pública manifestou que o tempo en comisión de servizo sería valorado como traballo no posto de orixe.

Coa publicación da convocatoria do concurso no DOG do 27/11/2019 observamos que continúa sen existir referencia algunha ao tempo en comisión de servizo, o que sería un incumprimento da palabra dada polo director xeral de Función Pública na negociación.

Subliñar que a CIG, ante os cambios de última hora anunciados polo director xeral, decidiu finalmente abserse na votación. De saber a CIG que a convocatoria non recollería a palabra dada polo director xeral, o voto tería sido, sen dubida algunha, en contra.

E por iso, SOLICITO:

Que se publique urxentemente unha corrección de erros que recolla o compromiso da comisión de persoal e que se engada ao apartado V.4.1 o texto: ***“o traballo desenvolvido na situación de comisión de servizos puntuarase como realizado no posto de orixe do funcionario”***.

Compostela, 27 de novembro de 2019

  
Confederación Intersindical Galega  
ADMINISTRACIÓN PÚBLICA  
MURENSE

Zeltia Burgos Tortosa

Dirección Xeral da Función Pública  
Consellería de Facenda  
Edificio Administrativo San Caetano, s/n  
15781 Santiago de Compostela